

SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA VINTE E SEIS DE MARZO DE DOUS MIL NOVE.

No Concello de Láncara, sendo as dezanove horas trinta minutos do día vinte e seis de marzo de dous mil nove, reúnese no Salón de Sesiós o Concello Pleno, para tratar os asuntos contidos na Orde do Día, coa asistencia dos Sres. Concelleiros: D. Arturo Sobrado Castro, D. José Manuel García Aldegunde , D. Celestino Rodríguez González, D. Ricardo Núñez Valcárcel, D. Carlos Fernández Díaz , D. Eladio Capón López, D. José Manuel Neira Castro, D. José Manuel Álvarez Rodríguez , D. Andrés Manuel Caballero López e D. Carlos Santiago López Sierra.

Preside a Sesión o Sr. Alcalde D. Dario A. Piñeiro López, e actúa de Secretario o titular D. José López Castro.

Aberto o acto pola Presidencia ,dáse conta dos seguintes asuntos:

1º.-RATIFICACIÓN CAMBIO DE DATA SESIÓN ORDINARIA DE 25 A 26 DE MARZO .

2º.-LECTURA E APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 4 DE FEBREIRO DE 2009.

3º.-DECRETOS:

-Nº 333 PRORROGA PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES MUNICIPAIS.

-Nº 13 SOBRE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A DON JUAN MOURELO RODRIGUEZ.

-Nº 35 APROBACIÓN LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO ORDINARIO EXERCICIO 2008.

4º.-ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, SOBRE APROBACIÓN DAS OBRAS A INCLUIR NO PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS.

5º.-RESOLUCIÓN DA DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE, SOBRE CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO DE 19 VIVENDAS, NA RÚA CONCEPCIÓN AREAL ESQUINA RÚA ANDURIÑAS NA POBRA DE SAN XIAO, ESPIGA PUEBLA S.L.

6º.-IMPUESTO SOBRE BENS INMUEBLES NATUREZA RUSTICA,FINCAS A INCLUIR EN DITO IMPOSTO.

7º.-ESCRITO DE ENCARNACIÓN MAGDALENO MORILLAS, EN REPRESENTACIÓN DA AMPRESA MAGDALENO MORILLAS E HIJOS S.L., SOBRE RENUNCIA O SERVIZO DE LIMPEZA DO CENTRO MÉDICO, CASA DO CONCELLO E POLIFUNCIONAL.

8°.-CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE LÁNCARA SOBRE ASUNCIÓN DOS CUSTOS DE MANTEMENTO DO CENTRO DE SAÚDE DE LÁNCARA, A CAMBIO DA CESIÓN DO CENTRO.

9°.-ESCRITO DAS AUXILIARES DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE LÁNCARA, SOLICITANDO INCREMENTO.

10°.-REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, EN BASE A ORDE DO 22 DE XANEIRO DE 2009.

11°.-ORDENANZA FISCAL DA TAXA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

12°.-DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN: CONTA RECADACIÓN EXERCICIO 2008.

13°.-XULGADO DO SOCIAL Nº 2 DE LUGO, COMUNICACIÓN DA SENTENZA FIRME, POR DEMANDA DE D. CARLOS MÉNDEZ LÓPEZ E D. CARLOS MENDEZ CASTRO.

14°.-CELEBRACIÓN DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS” HOMENAXE A RAMÓN PIÑEIRO”.

15°.-AGADER, SUBVENCIÓN REHABILITACIÓN DA ANTIGA CASA CONSISTORIAL PARA CENTRO DE INTERPRETACIÓN HISTORICA EN CARRACEDO (LANCARA).

16°.-ESCRITO DOS VECIÑOS DE VILLADIGA, PARROQUIA DE RIO SOLICITANDO EXECUCIÓN DA SENTENZA DO CAMIÑO “ A FONTE”.

17°.-PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CELEBRACIÓN DA XI “FEIRA DA TERNEIRA GALEGA”.

18°.-DAR CONTA DOS ESCRITOS DOS CONCELLEIROS D. CELESTINO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ E D. ARTURO SOBRADO CASTRO.

19°.-MOCIÓNS:

- DO P.P., SOBRE APORTACIÓN ECONÓMICA ÁS PARROQUIAS DESTE CONCELLO QUE ORGANICEN FESTEXOS.

- DO BNG SOBRE A SITUACIÓN DO CAMIÑO QUE UNE PIÑEIROÁ CON ARANZA.

20°.-ROGOS E PREGUNTAS.

1°.-RATIFICACIÓN CAMBIO DE DATA SESIÓN ORDINARIA DE 25 A 26 DE MARZO .

Visto que a data para celebrar o Pleno Ordinario era o día 25-03-09.

Visto que nesta data tiña pendiente una reunión oficial do Sr. Alcalde.

O Pleno por unanimidade,

ACORDO:

Declarar a sesión Plenaria do día 26-03-09 de carácter ordinario, substitutivo do de data 25-03-09.

2º.-LECTURA E APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 4 DE FEBREIRO DE 2009.

Visto o borrador da acta da sesión celebrada o día catro de febreiro de dous mil nove, este foi aprobado por unanimidade de tódolos asistentes a dita sesión .

3º.-DECRETOS:

-Nº 333 PRORROGA PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES MUNICIPAIS.

Visto o decreto epigrafiado.

Visto que foi necesario prorrogar ata finais do 2010 o 1ª Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Láncara.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Ratificar a prorroga acordada por Decreto da Alcaldía Nº 333.

2º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

-Nº 13 SOBRE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A DON JUAN MOURELO RODRIGUEZ.

Visto o decreto epigrafiado.

Visto que para atender a D. Juan Mourelo Rodríguez se contratou a Dª Beatriz Varela Pardo, dentro do programa de coidado de persoas maiores dependentes , e cunha aportación económica para compensar o servizo de 163,50 €mensuas.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

Ratificar o servizo de axuda no fogar ,por Decreto da Alcaldía Nº 13.

-Nº 35 APROBACIÓN LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO ORDINARIO EJERCICIO 2008.

Visto o decreto que copiado literalmente di:

En uso de las atribuciones que me confiere la legislación vigente, vista la Liquidación del Presupuesto Ordinario del ejercicio 2008, junto con el Resultado Presupuestario ajustado, cuyo resumen es como sigue:

EXPRESION	EUROS
1.(+)FONDOS LIQUIDOS	324.824,36
2.(+)DERECHOS PENDIENTES DE COBRO	921.661,75
- De Orzamento Corrente	625.787,99
- De Orzamento Pechado	290.801,56
- De Outras operacións non Orzamentarias:	5.072,20
-(-)cobros realizados ptes. Aplicación definitiva	00,00

3.- OBLIGACIONES PTES. DE PAGO A 31/12	372.671,83
- De Orzamento Corrente	203.751,67
- De Orzamento Pechados	82.160,30
- De Outras operacións no Orzamentarias	86.759,86
- (-) Pagos realizados pendentos aplicación definitiva	00,00
4.- REMANENTE DE TESOURERIA AFECTADO A GASTOS CON FINANCIACION AFECTADA	873.814,28
---Saldos de dudoso cobro	133.850,17
---Exceso de Financiación afectada	117.707,73
5.- REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS	622.256,38
6.- REMANENTE DE CREDITO INCORPORABLES	339.658,44
7.- REMANENTE LIBRE PARA GASTOS GENERALES	282.597,94

RESULTADO PRESUPUESTARIO.

CONCEPTOS	DERECHOS RECONOCIDAS NETAS	OBLIGACIONES RECONOCIDAS NETAS	AJUSTES	RESULTADO PRESUPUESTARIO
a. Operaciones Corrientes	2.028.936,91	1.913.627,26		
b. Otras operaciones no financieras	389.783,24	504.842,12		
1.- Total operac.no financieras	2.418.720,15	2.418.469,38		
2.- Activos financieros 0,00	0,00		
3.- Pasivos financieros 0,00	0,00		
RESULTADO PRES.DEL EJERC.	2.418.720,15	2.432.976,66		- 14.256,51
AJUSTES				
4.- Créd.gast.finac.remanent. tesoreri para gastos generales			184.823,29	
5.- Desviación financ.negativa ejerc			0,00	
6.- Desviación financ.positiva ejerc			116.060,45	68.762,84

RESULTADO PRESUPUESTARIO AJUSTADO

54.506,33

RESUELVO:

- 1º.- Aprobar la Liquidación del Presupuesto Ordinario del Ejercicio 2008.
- 2º.- Aprobar el Resumen Presupuestario ajustado y transcrito anteriormente.
- 2º.- Dar cuenta de este Decreto al Pleno del Ayuntamiento en la primera Sesión que se celebre.
- 4º.- Dar traslado del expediente de Liquidación del Presupuesto del año 2008 al Servicio de Coordinación con las Haciendas Locales de la Delegación de Hacienda y a la Consellería de la Presidencia de la Xunta de Galicia.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación o decreto anteriormente transcrito.

2º.-Incorporar ó expediente da liquidación a conta xeral do exercicio 2008.

3º.- Remitir copia da Liquidación do Presupuesto do ano 2008 ó Servicio de Coordinación coas Haciendas Locales da Delegación de Hacienda e á Consellería da Presidencia de la Xunta de Galicia.”

4º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

4º.-ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, SOBRE APROBACIÓN DAS OBRAS A INCLUIR NO PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS.

Por parte do Sr. Alcalde dáse conta das obras propostas para incluír no Plan de Cooperación ás Obras e Servizos, ano 2009, que son as seguintes:

-“Señalización núcleos : P.S. Julián, Carracedo, Láncara, Cedrón, Toldaos, Villaesteva, Monseiro y otros”, cun orzamento de 30.000,00 €

-“Acondicionamiento mejora accesos núcleos Agrolazas, Tourelle, Velainza”, cun orzamento de 34.310,22 €

Obra complementaria:

-“Construcción cementerio municipal en Puebla de San Xulián”, cun orzamento de 30.000,00 €

Visto que as obras deben estar adxudicadas, se as adxudica o Concello antes do 01-10-09 e se pretende que as adxudique a Excma. Deputación comunicalo antes do 31-03-09 a Excma. Deputación

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.- Que as obras as contrate o Concello e que esten adxudicadas entes do 01-10-09.

2º.-Facultar ó Sr. alcalde para encargar os prexectos técnicos e demais trámites relacionados con este asunto.

5º.-RESOLUCIÓN DA DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE, SOBRE CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO DE 19 VIVENDAS, NA RÚA CONCEPCIÓN AREAL ESQUINA RÚA ANDURIÑAS NA POBRA DE SAN XIAO, ESPIGA PUEBLA S.L.

Vista a resolución da Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte, sobre construción dun edificio de 19 vivendas, na Rúa Concepción Arenal Esquina Rúa Anduriñas na Pobra de San Xiao, promotor Espiga Puebla S.L., que resolve:

“**Desestimar** o recurso de alzada interposto por D. Dario A. Piñeiro López , na súa calidade de alcalde do Concello de Láncara, contra a Resolución da Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte de Lugo do 4 de xullo de 2007, pla que se denega á entidade “Espiga Puebla S.L.”, autorización para a construción de edificio para 19 vivendas, na rúa concepción Arenal esquina rúa Anduriñas na Pobra de San Xiao, no concello de Láncara”.

Visto que a empresa promotora tamén se lle notificou esta resolución por parte da Consellería de Cultura e Deporte.

O Pleno por unanimidade

ACORDOU:

Darse por enterado do contido de dita resolución.

6º.-IMPUESTO SOBRE BENS INMUEBLES NATUREZA RUSTICA,FINCAS A INCLUIR EN DITO IMPOSTO.

Visto que o Concello figura como titular das seguintes parcelas:

Polígono : 1

Parcelas: 203, 447,520

Polígono 4:

Parcelas: 61,774,1266,1446,1447,

Polígono 6:

Parcelas: 480

Polígono 7

Parcelas: 246, 430.

Polígono 8:

Parcelas: 128

Polígono 9:

Parcelas: 44, 286,384

Polígono 10:

Parcelas: 14, 617,1382,1422

Polígono 11:

Parcelas: 497,

Polígono 12:

Parcelas 95, 1147,1512,1488,2543,2634, 2753,2754,2787,2806,2863,2940

Polígono 13:

Parcelas : 121,

Polígono :14

Parcelas:317, 868,1016,

Polígono: 17

Parcelas: 173,1118,1196,1580

Polígono: 23

Parcelas: 61,630.

Visto que as Entidades locais teñen o deber de protexer e defender os bens dos que é propietario ou titular.

Visto que o regulamento de bens das Entidades Locais, regula os procedementos para incorporar os bens o patrimonio municipal.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-En relación as parcelas que poidan que non sexan de titularidade municipal, falar cos que esten usando, para que demostren a propiedade de ditos bens.

2º.-Dar de alta no inventario de bens do Concello tódolos benes relacionados anteriormente, agas os que se probe que son doutro propietario.

3º.-Expoñer ó público o contido deste acordo para dar cumprimento ó regulamento de bens das Entidades Locais e demais disposicións concordantes.

4º.-Facultar ó Sr. alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

7º.-ESCRITO DE ENCARNACIÓN MAGDALENO MORILLAS, EN REPRESENTACIÓN DA EMPRESA MAGDALENO MORILLAS E HIJOS S.L., SOBRE RENUNCIA O SERVIZO DE LIMPEZA DO CENTRO MÉDICO, CASA DO CONCELLO E POLIFUNCIONAL.

Visto o escrito de D^a Encarnación Magdalena Morillas, en nome e representación da empresa Limpezas Magdalena Morillas e Hijos S.L., polo que pon de manifesto a renuncia ós servizos de limpeza do Centro Médico de Pobra, edificio Casa do Concello, Polifuncional e servizos do Campo da Feira, a partir do día un de maio de 2009.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Aceptar a renuncia proposta por D^a Encarnación Magdalena Morillas, en representación da empresa Magdalena Morillas e Hijos S.L., con efectos do 01-05-2009.

2º.-Contratar a través de contrato menor, polo prazo máximo dun ano este servizos, mentres non se faga cargo a Consellería de Sanidade do Centro Médico, debendo respetar en todo momento a empresa que se faga cargo do servizo, a vinculación do persoal da empresa anterior, facéndose cargo do mesmo e nas mesmas condicións laborais.

8º.-CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE LÁNCARA SOBRE ASUNCIÓN DOS CUSTOS DE MANTEMENTO DO CENTRO DE SAÚDE DE LÁNCARA, A CAMBIO DA CESIÓN DO CENTRO.

Visto o Convenio entre a Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde, e o Concello de Lánacara, sobre asunción dos custos de mantemento do centro de saúde.

Vista a cláusula terceira de dito convenio.

Visto que este acordo é prectivo que se tome por maioría absoluta, ó esixilo o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Ceder o Servizo Galego de Saúde o Centro de Saúde de Lánacara, sito en Pobra de San Xiao.

2º.-Dar cumprimento dos artigos 109 e 110, regulamento de bens das Entidades Locais

3º.-Dar de alta o edificio como obra nova e inscribilo no rexistro da propiedade de Sarria, na finca con referencia catastral: 7271103PH2477S0001SM.

4º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

9º.-ESCRITO DAS AUXILIARES DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE LÁNCARA, SOLICITANDO INCREMENTO.

Visto o escrito das auxiliares do servizo de axuda no fogar , polo que solicitan un incremento salarial, en base a que consideran que deberían percibir unha compensación económica polo tempo diario que teñen que percorrer para o cambio dun domicilio a outro.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local, de data vinte e seis de febreiro de dous mil nove.

Polo Sr. Alcalde propon como maneira de calcular esto o tempo que lles leve en facer o recorrido entre as casas onde prestan o servizo, ó obxeto de pagar un plus horario, propoñendo que este tempo se saque dunha media de 40-50 Km/h.

Por parte do voceiro do P.P. propón que se faga un incremento das horas, que debería estar avalado por un informe da coordinadora do servizo que é a Traballadora Social.

E despois de deliberar sobre o asunto.

O Pleno por unanimidade

ACORDOU:

1º.-Encargar a Traballadora Social :Dª Teresa López Pernas un informe sobre a duración do percorrido diario de cada traballadora, dende a primeira casa que presta o servizo ata a última, xa que este percorrido é o tempo empregado a maiores da súa xornada.

2º.-Tratar este asunto no próximo Pleno.

10º.-REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, EN BASE A ORDE DO 22 DE XANEIRO DE 2009.

Vista a orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar.

Visto que é necesario e preceptivo redactar e aprobar un regulamento para este servizo.

Visto o regulamento do servizo de axuda no fogar.

O Pleno, por unanimidade

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación inicial o Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar.

2º.-Expoñelo ó público no B.O. da Provincia , polo prazo de 30 días, para presentación de reclamacións ou subxerencias, de conformidade co artigo 49 da Lei de Bases de Réximen Local.

3º.-O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte da publicación da aprobación definitiva e publicación literal do mesmo.

11º.-ORDANANZA FISCAL DA TAXA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Vista a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación a ordenanza fiscal da taxa do servizo de axuda no fogar.

2º.-Expoñela ó público no B.O.P. polo prazo de 30 días.

4º.-Para o caso de que non se presenten reclamacións quedará aprobada definitivamente publicando integramente dita ordenanza no B.O. da Provincia.

12º.-DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN: CONTA RECADACIÓN EXERCICIO 2008.

Vista a conta de recadación da Excm. Deputación Provincial que presenta o seguintes resúmen:

Liquidacións (Altas):

Ano 1998 :

I.A.E.:

Ingresos :0 Baixas :0 , Pendientes de cobro: 157,58 €

Ano 1999 :
I.A.E.:
Ingresos :4,54 € Baixas :113,34 €, Pendientes de cobro: 878,05 €

Ano 2000:
I.A.E.:
Ingresos :0 Baixas :39,18 , Pendientes de cobro: 418,64 €

Ano 2001:
I.A.E.
Ingresos :10,38 Baixas :0 , Pendientes de cobro: 194,22 €

Ano 2002:
Licencia e apertura:
Ingresos :0 Baixas :0 , Pendientes de cobro: 60,10 €
I.A.E.:
Ingresos :0 Baixas :0 , Pendientes de cobro: 955,60 €

Ano 2003:
Licencias apertura:
Ingresos :0 Baixas :0 , Pendientes de cobro: 429,04 €
I.A.E. :
Ingresos :0 Baixas :0 , Pendientes de cobro: 526,73 €
Impuesto de construccions:
Ingresos :0 Baixas :0 , Pendientes de cobro: 126,00 €

Ano 2004:
Urbana:
Ingresos :4.010,16 € Baixas :35,90 €, Pendientes de cobro: 5.263,36 €
Impuesto de construccions:
Ingresos :40,00 € Baixas :0 , Pendientes de cobro: 0 €

Ano 2005:
Urbana:
Ingresos :0 Baixas :0 , Pendientes de cobro: 507,42 €

Ano 2006:
Urbana:
Ingresos :29,03 € Baixas :1.552,33 €, Pendientes de cobro: 3.812,12 €
I.A.E.:
Ingresos :0 Baixas :0 , Pendientes de cobro: 522,39 €
Auga,Lixo e sumidoiros:
Ingresos :0 Baixas :0 , Pendientes de cobro: 1.772,52 €

Ano 2007:
Urbana:
Ingresos :0 Baixas :222,77 €, Pendientes de cobro: 517,43 €
I.A.E.
Ingresos :0 Baixas :0 , Pendientes de cobro: 460,98 €

Ano 2008:

Urbana:

Ingresos :2.527,87 € Baixas :0 , Pendientes de cobro: 873,27 €

I.C.V.

Ingresos :2037,50 € Baixas :233,50 €, Pendientes de cobro: 165,25 €

RECIBOS (PADRONS)

Ano 1996:

I.C.V.

Ingresos :57,60 € Baixas :71,94 €, Pendientes de cobro: 292,82 €

Ano 1997:

I.C.V.

Ingresos :102,24 € Baixas :34,08 €, Pendientes de cobro: 170,41 €

Ano 1998:

I.C.V.

Ingresos :634,87 € Baixas :0 , Pendientes de cobro: 1.207,88 €

I.A.E.

Ingresos :0 € Baixas :0 , Pendientes de cobro: 88,69 €

Auga,lixo e sumidoiros:

Ingresos :760,96 € Baixas :0 , Pendientes de cobro: 410,53 €

Ano 1999:

Urbana

Ingresos :25,06 € Baixas :0 , Pendientes de cobro: 301,07 €

I.C.V.

Ingresos :537,39 € Baixas :78,91 , Pendientes de cobro: 976,54 €

I.A.E.

Ingresos :0 € Baixas :0 , Pendientes de cobro: 245,45 €

Ano 2000

Urbana:

Ingresos :11,02 € Baixas :0 , Pendientes de cobro: 441,90 €

Rustica:

Ingresos :0 € Baixas :0 , Pendientes de cobro: 36,19 €

I.C.V.

Ingresos :509,28 € Baixas :106,02 €, Pendientes de cobro: 2.161,43 €

I.A.E.

Ingresos :0 € Baixas :0 , Pendientes de cobro: 1.128,05 €

Ano 2001

Urbana

Ingresos :11,24 € Baixas :0 , Pendientes de cobro: 455,84 €

Rustica:

Ingresos :0 € Baixas :0 , Pendientes de cobro: 50,04 €

I.C.V.

Ingresos :261,30 € Baixas :393,78 €, Pendientes de cobro: 4.706,50 €

I.A.E.

Ingresos :0 € Baixas :226,68 , Pendientes de cobro: 1.663,68 €

Ano 2002

Urbana

Ingresos :14,34 € Baixas :0 , Pendientes de cobro: 843,53 €

Rustica:

Ingresos :0 Baixas :0 , Pendientes de cobro: 521,49 €

Vados:

Ingresos :0 Baixas :0 , Pendientes de cobro: 19,84 €

I.C.V.

Ingresos :1.044 € Baixas :302 €, Pendientes de cobro: 6547 €

I.A.E.

Ingresos :69,09 € Baixas :226,67 €, Pendientes de cobro: 2.780,06 €

Otros impuestos:

Ingresos :0 Baixas :0 , Pendientes de cobro: 90,15 €

Ano 2003

Urbana;

Ingresos :27,80 Baixas :0 , Pendientes de cobro: 1.310,36 €

Rustica:

Ingresos :119,65 Baixas :83,57 , Pendientes de cobro: 630,97 €

Vados:

Ingresos :0 Baixas :0 , Pendientes de cobro: 19,84 €

I.C.V.

Ingresos :936,00 Baixas :430,00 , Pendientes de cobro: 7.991,00 €

I.A.E.

Ingresos :0 Baixas :0 , Pendientes de cobro: 841,02 €

Impusto Construcciones:

Ingresos :0 Baixas :0 , Pendientes de cobro: 196,48 €

Auga,lixo e sumidoiros:

Ingresos :0 Baixas :0 , Pendientes de cobro: 375,41 €

Ano 2004:

Urbana:

Ingresos :444,15 Baixas :0 , Pendientes de cobro: 3.045,63 €

Rústica:

Ingresos :0 Baixas :85,24 , Pendientes de cobro: 748,23 €

Vados:

Ingresos :0 Baixas :0 , Pendientes de cobro: 19,84 €

I.C.V.:

Ingresos :1.090,00 Baixas :215,00 , Pendientes de cobro: 8.029,00 €

I.A.E.:

Ingresos :0 Baixas :0 , Pendientes de cobro: 898,74 €

Otros impuestos:

Ingresos :0 Baixas :0 , Pendientes de cobro: 90,15 €

Auga,lixo e sumidoiros:

Ingresos :16,35 Baixas :12,10 , Pendientes de cobro: 507,18 €

Ano 2005:

Urbana:

Ingresos :281,38 Baixas :13,59 , Pendientes de cobro: 4.514,56 €

Rústica:

Ingresos :11,16 Baixas :86,94 , Pendientes de cobro: 1.142,89 €

Vados

Ingresos :0 Baixas :0 , Pendientes de cobro: 39,68 €

I.C.V.

Ingresos :1.719,00 Baixas :748,00 , Pendientes de cobro: 15.501,00 €

I.A.E.

Ingresos :0 Baixas :0 , Pendientes de cobro: 1.449,23 €

Otros impuestos:

Ingresos :0 Baixas :0 , Pendientes de cobro: 6,24 €

Auga, lixo. Sumidoiros

Ingresos :102,21 Baixas :49,73 , Pendientes de cobro: 2.743,40 €

Ano 2006:

Urbana:

Ingresos :913,81 Baixas :2.152,02 , Pendientes de cobro: 10.597,38 €

Rústica:

Ingresos :617,94 Baixas :717,65 , Pendientes de cobro: 1.967,05 €

I.A.E.

Ingresos :993,00 Baixas :1.194,00 , Pendientes de cobro: 15.275,00 €

Otros Impuestos:

Ingresos :0 Baixas :0 , Pendientes de cobro: 1.469,53 €

Ano 2007:

Urbana:

Ingresos :2.382,25 Baixas :391,36 , Pendientes de cobro: 8.155,24 €

Rústica:

Ingresos :549,62 Baixas :82,96 , Pendientes de cobro: 3.172,13 €

I.C.V:

Ingresos :0 Baixas :0 , Pendientes de cobro: 28.228,00 €

I.A.E.:

Ingresos :0 Baixas :0 , Pendientes de cobro: 898,74 €

Ano 2008:

Urbana,;

Ingresos :160.455,11 Baixas :0 , Pendientes de cobro: 11.993,21 €

Rústica:

Ingresos :39.917,01 Baixas :2.201,43 , Pendientes de cobro: 4.379,72 €

I.C.V.

Ingresos :112.078,00 Baixas :594,00 , Pendientes de cobro: 26.210,00 €

I.A.E.:

Ingresos :32.284,64 Baixas :0 , Pendientes de cobro: 1.046,54 €

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

Prestar aprobación á conta de recadación do exercicio 2008.

13°.-XULGADO DO SOCIAL Nº 2 DE LUGO, COMUNICACIÓN DA SENTENZA FIRME, POR DEMANDA DE D. CARLOS MÉNDEZ LÓPEZ E D. CARLOS MENDEZ CASTRO.

Vista a sentenza do Xulgado do Social Nº 2 de Lugo, sobre demanda de Carlos Méndez López e Carlos Mendez Castro.

Vista a súa parte dispositiva que di literalmente:

“ACUERDO: Declarar extinguida la relación laboral que vincula a los trabajadores don Carlos Méndez Castro y don Carlos Méndez López con el Concello de Lánacara (Lugo) condenando a dicho Concello a abonar a los trabajadores una indemnización en cuantía de 4.204,8 euros a cada uno, así como la cantidad de 4.193,12 euros a cada uno de ellos en concepto de salarios dejados de percibir desde la fecha de notificación de la sentencia 29-12-2008 hasta la fecha de la presente resolución”.

Aberto o debate polo Sr. Alcalde infórmase que agora na execución da sentenza ven o despido, polo que hai que indennizar polo despido.

Por parte do Concelleiro do P.P. D. Andrés Caballero López, pregunta ¿ Que avogado defendeu o Concello?.

Respostandolle o Sr. Alcalde que os Servizos Xurídicos da Deputación.

Manifestando o mesmo Concelleiro que si non tiñan relación laboral co Concello como pode haber despido, polo que deberíase recurrir a Sentenza.

Despois de deliberar sobre este Asunto

O Pleno , por maioría, coa abstención dos catro concelleiros do P.P.

ACORDOU:

Darse por enterado da sentenza comunicada polo Xulgado do Social Nº 2 de Lugo, por demanda de D. Carlos Méndez López e D. Carlos Méndez Castro, e proceder o pago de honorarios non percibidos e pago da indemnización por despido.

14°.-CELEBRACIÓN DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS” HOMENAXE A RAMÓN PIÑEIRO”.

Visto que o día das letras galegos do presente ano adícase a “Ramón Piñeiro” .

Visto que este persoaxe naceu no Concello de Lánacara, en concreto na parroquia de Armea.

Polo Sr. Alcalde infórmase que a Real Academia quere facer o acto no Concello de Lánacara , debendo facilitar o Concello un Local, que posiblemente será un local do C.P.I. “Ramón Piñeiro”, que os gastos da comida dos componentes da Real Academia os pagaran eles, pero o público que acuda a comer ten que pagar a súa comida, o Concello o que si ten que poñer é unha carpa para este acto que se instalaría na explanada diante da antita casa do Concello, sita en Carracedo.

Tamen se propón un estudio económico do custo do evento.

O Pleno por unanimidade

ACORDOU:

1°.-Que a Comision designada para este evento, incorporándose esta comisión o concelleiro de Cultura D. Celestino Rodríguez González , se reuna co Presidente e o Secretario da Real Academia o día que veñan este Concello, para tratar este asunto.

2°.-Unha vez que se analicen os temas farase un posible estudio económica do custo deste evento.

15°.-AGADER, SUBVENCIÓN REHABILITACIÓN DA ANTIGA CASA CONSISTORIAL PARA CENTRO DE INTERPRETACIÓN HISTORICA EN CARRACEDO (LANCARA).

Vista a notificación resolución proxectos dinamizadores das areas rurais 2008-2009, da Consellería de Medio Rural , pola que pon de manifesto a concesión dunha subvención de 154.803,98 € para a obra “Rehabilitación da antiga casa consistorial para centro de interpretación histórica en Carracedo (Láncara), para un investimento de execución material de 341.579,83 € , para un presuposto de contrata de 471.516,80 €

Por parte do Sr. Secretario-Interventor infórmase que o Concello non ten dispoñibilidade de fondos propios por importes 316.712,82 €, polo que de pretender afrontar estas obras débense buscar outras fontes de financiación. A financiación debe ser firme antes da Contratación da obra, e o prazo para ter as obras rematas, segundo a Resolución e o 15-10-09, sendo o prazo limite para a justificación o 30-10-09.

O Pleno por unanimidade

ACORDOU:

1°.-Pedir unha prórroga en base as autorizacións necesarias doutras Administración para poder facer a obra e en base a que a redacción do proxecto e licitación da obra necesitan un prazo mínimo de tres ou catro meses, polo que quedaria un prazo de dous meses para á execución da obra, prazo inviable e imposible para poder rematar as obras.

2°.-Simultaneamente buscar financiación para parte da cantidade que ten que aportar o Concello, ó non ser viable esta aportación de fondos propios.

3°.-Facultar ó Sr. alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

16°.-ESCRITO DOS VECIÑOS DE VILLÁDIGA, PARROQUIA DE RIO SOLICITANDO EXECUCIÓN DA SENTENZA DO CAMIÑO “ A FONTE”.

Visto o escrito dos veciños de Villádiga, parroquia de Río, polo que solicitan ó Concello a execución da sentenza dictada polo Xulgado de Sarria en relación o camiño denominada “A Fonte”.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

Nomear a mesma comisión que para o camiño da Xunqueira, para ir sobre terreo o **día 2 de abril as 11 horas** , para facer a comprobación sobre terreo e redactar o informe dos dous expedientes

constituída por:

Sr. Alcalde.

Representante do PSG-PSOE D. Celestino Rodríguez González.

Representante do TEGA D. Carlos Fernández Díaz.

Representante do P.P. D. Eladio Capón López

Representante do BNG D. Carlos S. Sierra López.

Comisión que deberá estar asesorada polos técnicos :

Dª Mercedes Maseda Martínez.

D. Marcos Vázquez Marey.

17°.-PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CELEBRACIÓN DA XI “FEIRA DA TERNEIRA GALEGA”.

Polo Sr. Alcalde pregúntalle a Corporación ¿si se fai a feira ou non se fai a feira?.

Por parte dos concelleiros do P.P. e do concelleiro do BNG poñen de manifesto que haxa a feira de ano dentro dunha orde e que non haxa despilfarros.

Polo Sr. alcalde propon a seguinte datas para os actos para este evento.

Día 1 feira da Terneira Galega.

Día 2 Comida da Terceira Idade.

Día 2 pola tarde festa da xuventude.

Propon que se suban os premios e que os portes sexan por conta dos que tran o gando, que non axa vales de invitación para ningen, salvo para os Concelleiros , os que veñan co gando e os que veñan coas exposicións e os grupos de danza.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Que se organice a XI feira de ano e que se ofrezca e se de participación a tódolos grupos políticos.

2º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados co neste asunto.

18º.-DAR CONTA DOS ESCRITOS DOS CONCELLEIROS D. CELESTINO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ E D. ARTURO SOBRADO CASTRO.

Vistos os escritos do Concelleiros Celestino Rodríguez González e Arturo Sobrado Castro, poñendo de manifesto que sexan dados de baixa os seus teléfonos móbiles , dando lectura os mesmos o Secretario do Concello.

Aberto o debate por parte do Voceiro do P.P. Eladio Capón López, manifesta que se traerá este asunto a título informativo, xa que no Pleno non se tomou acordo cando se entregaron.

Por parte do Concelleiro Andres Caballero López preguntas ¿A cuántos membros da Corporación lles queda teléfono oficial?.

Responden afirmativamente o Sr. Alcalde, o 1º Tenente de Alcalde e o Concelleiro de Obras.

Por parte do Concelleiro Andrés Caballero López, pon de manifesto que é un detalle a ter enconta e agradecer os dous Concelleiros que entregan o teléfono.

19º.-MOCIÓNS:

- DO P.P., SOBRE APORTACIÓN ECONÓMICA ÁS PARROQUIAS DESTE CONCELLO QUE ORGANICEN FESTEXOS.

Vista a moción epigrafiada.

Visto que neste Concello se celebran festas patronais en tódalas parroquias.

Visto que estas aportación económicas deben ser contempladas no orzamento municipal.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

Prestar aprobación a dita moción e facer un estudio cando se aprobe o orzamento, para contemplar as cantidades para cada festa.

- DO BNG SOBRE A SITUACIÓN DO CAMIÑO QUE UNE PIÑEIROÁ CON ARANZA.

Vista a moción epigrafiada.

Despois de aclarar de que camiño se trata, que ó parecer tratase do camino de Cereixusas o Breselos.

Polo Concelleiro do B.N.G. Carlos López Sierra , pon de manifesto que se trata de arranxar kilómetro e medio entre Cereixusaos e Breselos.

O Sr. Alcalde pon de manifesto que ese camiño xa está arrancado.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

Prestar aprobación a dita moción en base a que xa se esta aranxando.

DECLARACIÓN DE URXENCIA:

Previa especial declaración de urxencia, feita co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros que integran a Corporación, prevista no artigo 82.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais e artigo 213 da Lei 5/1997, Lei 22 de xullo de Administración Local de Galicia, por votar a favor de dita declaración os once Concelleiros que asistiron á sesión.

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DE GALICIA E O CONCELLO DE LÁNCARA PARA XESTIÓN DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS (RAEE, s).

Visto o convenio marco para xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE,s) .

Visto o contido do Real Decreto 208/2005, de 25 de febreiro.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Adherirse o convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible de Galicia e o Concello de Láncara , para xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE,s).

2º.-Remitir o documento de adhesión a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

3º.-Solicitar a empresa Limpergal, para que nos remita o desglose dende o ano 2005 do custo soportado polo Concello en xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE,s).

4º.-Facultar ó Sr. alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

20º.-ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS:

Polo Concelleiro **D. Carlos López Sierra**, quere facer un rogo-queixa sobre o Domingo que o Domingo de Carnaval en Láncara por parte deste Concello se pagen autocares para levar e traer xente a Sarria.

Por parte do Sr. alcalde xunto co concelleiro de cultura respostaselle que o da viaxe organizouno a Asociación Mulleres Rurais Monte Trasalva e o concello o único que lles puxo a disposición foi un autocar.

Por parte de Carlos López Sierra manifestalles que cando se celebren actos culturais dentro do concello no se leve a xente fora.

Polo Concelleiro **D. Andrés Caballero López**, roga que se pida o Presidente da Deputación que arranxe a estrada de Pobra de San Xiao a Muro.

Polo Sr. alcalde pon de manifesto que pode limitarse o paso de camiións e a canteira pode sair perxudicada.

Por parte do Concelleiro D. Eladio Capón López manifesta que se deberían eliminar as curvas e ampliar a estrada.

Tódolos grupos manifestan que con esta pretensión non se pretende perxudicar para nada a canteira, senon beneficiar os usuarios da estrada e que con motivo de existir unha canteira xustificase que a estrada sexa arrancada e se eliminen as curvas, ensanchar a estrada como xa o fixo o Concello, con autorización da Deputación, no tramo Benigno Quiroga ata o final do Campo da Feira.

PREGUNTAS:

Polo Concelleiro do P.P. **D. Andrés Caballero López** Que en base o que saiu os últimos días na prensa quere preguntas sobre os problemas no equipo de goberno, quere pedirlle que debendo ter un pouco de cordura que nos explique a todos que é o que pasa e que se nos aclare a todos quen vai ser o futuro Alcalde, e quen vai mandar en nos os dous últimos anos.

Por parte do voceiro do PSG-PSOE, manifesta que é vergonzoso o que saiu na prensa, que os próximos dous anos pola súa parte vai seguir sendo Alcalde Dario, xa que foi a quen elixin.

Polo Concelleiro **D. José Manuel Neira Castro** pregunta ¿ Polas obras que se fixeron en Oleiros, xunto do colexio, falta parte hai unha avaría na traída de auga e que si van quedar esi ou que se vai facer para arranxar tódalas deficiencias?.

Polo Sr. alcalde respóndelle que o terreo que quedou sin pavimentar non iva no proxecto, xa que se pretendía poñer un peche de setos e as deficiencias verase de arranxalas.

O Concelleiro manifesta que non é posible poñer peche de setos, xa que tamen se utiliza para aparcamento a finca colindante, e non habería quen o cuidase.

Por parte do Sr. Alcalde manifesta que se buscará financiación para terminar o trozo que non se pavimentou e comunicarse ó contratista para que arranxe estas deficiencias.

Polo concelleriro **Andrés Caballero López**, pregunta pola factura Nº 19 de Elide, correspondente a sudadeiras e material de deporte, ¿con que se financiou?.

O Sr. Alcalde manifesta que con fondos propios, pero que hai unha subvención da Deputación para estes fins.

Preguntando novamente o Concelleiro si non se lle pediu nada a Leite Rio.

Respostando o Sr. Alcalde que este ano non.

E non habendo máis asuntos que tratar dáse por rematada a sesión, por orden do Sr. Alcalde, sendo as vinte e unha horas corenta minutos, estendéndose a presente acta que como Secretario, certifico.